

## NORMATIVA XERAL DA MODALIDADE DE ATLETISMO PISTA INDIVIDUAL DAS SEIS XORNADAS PROGRAMADAS CURSO 2018/2019 ZONAS: CORUÑA - FERROL

### ESCENARIO DE PRÁCTICAS

Celebraranse as probas nas pistas da Malata (Ferrol) e nas pistas de atletismo da UDC-Campus de Elviña (A Coruña).

### DATAS PREVISTAS ZONAS CORUÑA-FERROL

- 1ª Xornada 16/03/2019 - Categoría infantil+combinadas alevín, pistas da UDC (A Coruña)
- 2ª Xornada 23/03/2019 - Categoría alevín+combinadas benxamín, pistas da Malata (Ferrol)
- 3ª Xornada 30/03/2019 - Categoría benxamín+combinadas infantil, pistas da UDC (A Coruña)
- 4ª Xornada 06/04/2019 - Categoría infantil+combinadas alevín, pistas da Malata (Ferrol)
- 5ª Xornada 13/04/2019 - Categoría alevín+combinadas benxamín, pistas da UDC (A Coruña)
- 6ª Xornada 27/04/2019 – Categoría benxamín+combinadas infantil, pistas da Malata (Ferrol)

### PARTICIPANTES

Poderán participar nesta modalidade todas as entidades (clubs, centros educativos, asociacións, ANPAS, etc.) que cumpran os requisitos da inscrición. Todos os atletas participantes deberán estar mutualizados previamente no programa Xogade, na páxina [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com), na modalidade de Atletismo en Pista.

### CATEGORÍAS

**BENXAMÍN:** Nados nos anos 2011-2010 masculino e feminino

**ALEVÍN.....:** Nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino

**INFANTIL....:** Nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino

A categoría cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación organizado pola Federación Galega de Atletismo.

### FASES

Celebraranse seis xornadas previas á fase provincial (dúas para a categoría infantil+combinadas alevín, dúas para a categoría alevín+combinadas benxamín e dúas para a categoría benxamín+combinadas infantil), nas que se programarán todas as probas indicadas no cadro do programa.

### SISTEMA DE COMPETICIÓN FASES PREVIAS

- **Participantes por entidade.**

Cada entidade poderá participar nas fases previas co número de participantes que desexe, a excepción dos concursos, nos que o número máximo de participantes por entidade, proba e categoría será de 6. En casos de escasa participación, e de forma excepcional, os servizos provinciais poderán autorizar a participación de máis atletas por proba e entidade, sempre que non se interrompa o normal desenvolvemento da competición. A participación na fase provincial queda supeditada a normativa propia de cada Campionato.

- **Participacións máximas.**

**Benxamín e Alevín:** Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas individuais e o relevo. No caso de ser carreiras, só unha poderá superar os 250m. A proba de remudas considerase a todos os efectos unha proba (carreira) agás que, en función da inscrición, o Servizo Provincial decida o contrario.

**Infantil:** Cada atleta poderá participar como máximo en 3 probas das que compoñen o programa, respectando sempre a seguinte norma: 3 concursos, 1 concurso e 2 carreiras, ou 2 concursos e 1 carreira. No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 250m. A proba de remudas considerase a todos os efectos unha proba (carreira).

Os participantes en Triatlón (alevín) e os participantes en Tetratlón (infantil) non poderán participar na mesma xornada noutra proba do programa individual nin na remuda. Cada entidade só poderá presentar un equipo de remuda por categoría e sexo.

Nas probas combinadas permitirase un máximo de 25 atletas inscritos por proba e categoría/subcategoría. No caso de superar este máximo, limitarase a inscrición a 4 atletas por entidade.

### Número de intentos.

Os concursos realizaranse con mellora na fase Provincial, sempre que o horario das probas o permita. Nas fases previas realizarase soamente 3 intentos.

### Clasificación.

Para o Campionato Provincial: para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil (masculino e feminino), clasificaranse as 16 mellores marcas da totalidade de probas realizadas nas fases previas. Se algún ou algunha atleta non puidese participar en ningunha das fases previas por motivos de enfermidade, lesión, etc, será potestade do Servizo Provincial correspondente a súa admisión na fase provincial, previa proposta razoada da Federación Galega ou Delegación Federativa correspondente.

### INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfea2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club que xa participaron na modalidade de Campo a Través, no caso de non ter dita clave poden solicitala a Federación Galega de Atletismo, ao correo electrónico [competición@atletismo.gal](mailto:competición@atletismo.gal)

No caso de que non faga a inscrición on-line deberá enviar a folia de inscrición debidamente cumprimentada por categoría e proba, aos correos da Federación Galega de Atletismo [competición@atletismo.gal](mailto:competición@atletismo.gal) e ao Servizo de Deporte [deportes.coruna@xunta.es](mailto:deportes.coruna@xunta.es), con data límite as 14:00 horas do martes da mesma semana da competición. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo.

### PROGRAMA DE PROBAS DA COMPETICION INDIVIDUAL

| CATEGORIA MASCULINA |               |                            | CATEGORIA FEMININA |               |                            |
|---------------------|---------------|----------------------------|--------------------|---------------|----------------------------|
| Benx                | Alev          | Inf                        | Benx               | Alev          | Inf                        |
| 50m                 | 60m           | 80m                        | 50m                | 60m           | 80m                        |
| 500m                | 500m          | 150m                       | 500m               | 500m          | 150m                       |
|                     |               | 500m                       |                    |               | 500m                       |
| 1000m               | 1000m         | 1000m                      | 1000m              | 1000m         | 1000m                      |
|                     | 2000m         | 2000m                      |                    | 2000m         | 2000m                      |
|                     |               | 80m.v. 0,84                |                    |               | 80m.v. 0,76                |
|                     |               | 220m.v. 0,76               |                    |               | 220m.v. 0,76               |
|                     |               | 1000 obstáculos            |                    |               | 1000 obstáculos            |
| 1km marcha          | 2km marcha    | 2km marcha                 | 1km marcha         | 2km marcha    | 2km marcha                 |
| Lonxitude           | Lonxitude     | Lonxitude triplo*          | Lonxitude          | Lonxitude     | Lonxitude triplo*          |
| Altura              | Altura        | Altura                     | Altura             | Altura        | Altura                     |
|                     |               | Pértega                    |                    |               | Pértega                    |
| Peso 1kg            | Peso 2kg      | Peso 3kg                   | Peso 1 kg          | Peso 2kg      | Peso 3kg                   |
|                     |               |                            |                    |               |                            |
| Pelota 200gr        | Pelota 300 gr | Xavelina 500grs            | Pelota 200gr       |               | Xavelina 400grs            |
|                     |               | Martelo 2kg<br>Disco 800gr |                    | Pelota 300 gr | Martelo 2kg<br>Disco 800gr |
| 4x50                | 4x60          | 4x80                       | 4x50               | 4x60          | 4x80                       |

\* Con táboas a 6m. e 8m. e carreira máxima de 15m.

\*Para as categorías benxamin e alevín, nas probas de velocidade non é obrigatorio a saída de tacos nen a medición do vento. Nos infantís, nas probas de velocidade e valados é obrigatorio a saída con catro apoios (con ou sin tacos) e a medición do vento.

\* Cadencias das alturas:

-benxamín: 0.80-0.85-0.90-0.95-1.00 (3/3)

-alevín: 0.85-0.90-0.95-1.00-1.05 (3/3)

-infantil: 0.90-0.95-1.00-1.05-1.10 (3/3)

**HORARIOS 1ª e 4ª XORNADAS ATLETISMO PISTA**  
**Categorías: INFANTIL e Combinadas ALEVÍN(masculino e feminino)**

| CARREIRAS         | SEXO | CATEGORÍA | HORA  | CONCURSOS          | SEXO | CATEGORÍA |
|-------------------|------|-----------|-------|--------------------|------|-----------|
| 80 m v 0, 84      | H    | Infantil  | 10:00 | Martelo 3 kg       | H/M  | Infantil  |
|                   |      |           |       | Lonxitude          | H    | Infantil  |
|                   |      |           |       | Altura             | M    | Infantil  |
|                   |      |           |       | Peso 3 Kg.         | H    | Infantil  |
| 80 m v 0, 76      | M    | Infantil  | 10:05 |                    |      |           |
| 60 m Triatlon     | H    | Alevín    | 10:10 |                    |      |           |
| 60 m Triathlon    | M    | Alevín    | 10:25 |                    |      |           |
| 80 m              | H    | Infantil  | 10:40 |                    |      |           |
| 80 m              | M    | Infantil  | 11:00 | Lonxitude          | M    | Infantil  |
|                   |      |           |       | Peso 2 kg Triatlon | M    | Alevín    |
|                   |      |           |       | Disco 800 gr.      | H/M  | Infantil  |
|                   |      |           |       | Pértega            | H/M  | Infantil  |
|                   |      |           |       | Lonxitude Triatlon | H    | Alevín    |
| 500 m             | H    | Infantil  | 11:20 |                    |      |           |
| 500 m             | M    | Infantil  | 11:30 |                    |      |           |
| 1000 m            | H    | Infantil  | 11:40 |                    |      |           |
| 1000 m            | M    | Infantil  | 11:50 |                    |      |           |
| 3000 m            | M/H  | Infantil  | 12:00 | Peso 3 kg.         | M    | Infantil  |
|                   |      |           |       | Altura             | H    | Infantil  |
|                   |      |           |       | Xavalina 500 gr.   | H    | Infantil  |
|                   |      |           |       | Triple             | H/M  | Infantil  |
| 150 m             | H    | Infantil  | 12:15 |                    |      |           |
| 150 m             | M    | Infantil  | 12:30 |                    |      |           |
| 220 m v 0,76      | H    | Infantil  | 12:45 |                    |      |           |
| 220 m v 0,76      | M    | Infantil  | 12:55 |                    |      |           |
|                   |      |           | 13:00 | Lonxitude Triatlon | M    | Alevín    |
|                   |      |           |       | Xavalina 400 gr.   | M    | Infantil  |
|                   |      |           |       | Peso 2 kg Triatlon | H    | Alevín    |
| 1000 m Obstáculos | H/M  | Infantil  | 13:05 |                    |      |           |
| 2000 m. Marcha    | H/M  | Infantil  | 13:15 |                    |      |           |
| 4x80              | H    | Infantil  | 13:40 |                    |      |           |
| 4x80              | M    | Infantil  | 13:50 |                    |      |           |

**HORARIOS 2ª e 5ª XORNADAS ATLETISMO PISTA**
**Categorías: ALEVÍN e Combinadas BENXAMÍN (masculino e feminino)**

| CARRERAS      | SEXO | CATEGORÍA | HORA  | CONCURSOS          | SEXO | CATEGORÍA |
|---------------|------|-----------|-------|--------------------|------|-----------|
| 2000 marcha   | H/M  | Alevín    | 10:00 | Altura             | H    | Alevín    |
|               |      |           |       | Lonxitude          | M    | Alevín    |
|               |      |           |       | Pelota 300gr       | M    | Alevín    |
| 50 m Triatlón | H    | Benxamín  | 10:15 |                    |      |           |
| 50 m Triatlón | M    | Benxamín  | 10:35 |                    |      |           |
| 60 m          | H    | Alevín    | 10:55 |                    |      |           |
|               |      |           | 11:00 | Peso 1kg. Triatlón | H    | Benxamín  |
|               |      |           |       | Lonxitude Triatlón | M    | Benxamín  |
|               |      |           | 11:15 | Peso 2 kg.         | H    | Alevín    |
| 60 m          | M    | Alevín    |       |                    |      |           |
| 500 m         | H    | Alevín    | 11:35 |                    |      |           |
| 500 m         | M    | Alevín    | 11:50 |                    |      |           |
|               |      |           | 12:00 | Lonxitude          | H    | Alevín    |
|               |      |           |       | Altura             | M    | Alevín    |
|               |      |           |       | Peso 2 kg.         | M    | Alevín    |
| 1000 m        | H    | Alevín    | 12:05 |                    |      |           |
| 1000 m        | H    | Alevín    | 12:20 |                    |      |           |
| 1000 m        | M    | Alevín    | 12:35 |                    |      |           |
| 2000 m        | H    | Alevín    | 12:50 |                    |      |           |
|               |      |           | 13:00 | Peso 1kg. Triatlón | M    | Benxamín  |
|               |      |           |       | Pelota 300gr       | H    | Alevín    |
|               |      |           |       | Lonxitude Triatlón | H    | Benxamín  |
| 2000 m        | M    | Alevín    | 13:05 |                    |      |           |
| 4x60          | H    | Alevín    | 13:20 |                    |      |           |
| 4x60          | M    | Alevín    | 13:35 |                    |      |           |



**HORARIOS 3ª e 6ª XORNADAS ATLETISMO PISTA**
**Categorías: BENXAMÍN e Combinadas INFANTIL (masculino e feminino)**

| CARRERAS         | SEXO | CATEGORÍA | HORA  | CONCURSOS           | SEXO | CATEGORÍA |
|------------------|------|-----------|-------|---------------------|------|-----------|
| 1000 marcha      | H/M  | Benxamín  | 10:00 | Altura              | H    | Benxamín  |
|                  |      |           |       | Lonxitude           | M    | Benxamín  |
|                  |      |           |       | Pelota 200gr        | M    | Benxamín  |
| 80 m Tetratlón   | H    | Infantil  | 10:15 |                     |      |           |
| 80 m Tetratlón   | M    | Infantil  | 10:35 |                     |      |           |
| 50 m             | H    | Benxamín  | 10:55 |                     |      |           |
|                  |      |           | 11:00 | Peso 3kg. Tetratlón | H    | Infantil  |
|                  |      |           |       | Lonxitude Tetratlón | M    | Infantil  |
|                  |      |           |       | Peso 1kg.           | H    | Benxamín  |
| 50 m             | M    | Benxamín  | 11:15 |                     |      |           |
| 500 m            | H    | Benxamín  | 11:35 |                     |      |           |
| 500 m            | M    | Benxamín  | 11:50 |                     |      |           |
|                  |      |           | 12:00 | Peso 3kg. Tetratlón | M    | Infantil  |
|                  |      |           |       | Altura              | M    | Benxa     |
|                  |      |           |       | Lonxitude Tetratlón | H    | Infantil  |
| 1000 m           | H    | Benxamín  | 12:05 |                     |      |           |
| 1000 m           | H    | Benxamín  | 12:20 |                     |      |           |
| 1000 m           | M    | Benxamín  | 12:35 |                     |      |           |
| 80mv Tetra 0.84  | H    | Infantil  | 12:50 |                     |      |           |
|                  |      |           | 13:00 | Lonxitude           | H    | Benxamín  |
|                  |      |           |       | Pelota 200gr        | H    | Benxamín  |
|                  |      |           |       | Peso 1kg.           | M    | Benxamín  |
| 80 mv Tetra 0.76 | M    | Infantil  | 13:05 |                     |      |           |
| 4x50             | H    | Benxamín  | 13:20 |                     |      |           |
| 4x50             | M    | Benxamín  | 13:40 |                     |      |           |

**SISTEMA DE COMPETICIÓN DE PROBAS COMBINADAS**
**CATEGORÍAS:**

BENXAMÍN: Nados nos anos 2011-2010 masculino e feminino

ALEVÍN.....: Nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino

INFANTIL....: Nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino

**FASES**

BENXAMÍN: Campionato Provincial

ALEVÍN: Campionato provincial

INFANTIL: Campionato provincial

**CLASIFICACIÓN**

Para o Campionato Provincial das categorías alevín e infantil a inscrición é aberta, sen clasificación previa. No suposto caso de que nalgunha provincia se prevea unha masiva participación ésta limitarase a un número determinado de participantes por colexio e club.

### INSCRICIÓN

A data límite de inscrición é o martes da mesma semana da competición. A Federación Galega de Atletismo publicará con data límite o mércores da mesma semana da competición a listaxe dos atletas inscritos

### PROGRAMA DE PROBAS COMBINADAS

| MASCULINA         |                 |                    | FEMININA          |                 |                    |
|-------------------|-----------------|--------------------|-------------------|-----------------|--------------------|
| BENXAMÍN TRIATLON | ALEVÍN TRIATLÓN | INFANTIL TETRATLÓN | BENXAMÍN TRIATLON | ALEVÍN TRIATLÓN | INFANTIL TETRATLÓN |
| 50 M.             | 60 M.           | 80 M.              | 50 M.             | 60 M.           | 80 M.              |
| LONXITUDE         | LONXITUDE       | LONXITUDE          | LONXITUDE         | LONXITUDE       | LONXITUDE          |
| <b>PESO 1 KG.</b> | PESO 2 KG.      | PESO 3 KG.         | <b>PESO 1KG.</b>  | PESO 2 KG.      | PESO 3 KG.         |
|                   |                 | 80MV               |                   |                 | 80 MV.             |

### TRANSPORTE

As entidades que precisen transporte deberán solicitalo por correo electrónico ao Coordinador da súa zona:

- Entidades da zona da Coruña →sdbus.co@hotmail.es →Servizo Deporte 881960767
- Entidades da zona de Ferrol →deporteidadeescolar@hotmail.com →Coordinador: José Amando (móbil 660211720)

O transporte solicitarase antes das 14.00 horas do martes anterior á xornada da competición, indicando os seguintes datos:

Nome e día da competición, nome da entidade solicitante, nº de prazas totais (atletas+adestradores), hora e lugar de saída, enderezo de destino, hora prevista de regreso e nome e móbil do responsable da entidade que vai no bus.

### CENTROS DE ASISTENCIA SANITARIA

En caso de lesión ou accidente deportivo, farán a **comunicación de accidente** (vía web <https://partsport.mgc.es> ou telefónica 619818737 ou 902888989).

En **casos excepcionais** de urxencia vital, acudir ao centro médico máis próximo e comunicar o accidente antes de 24 horas.

Un responsable da entidade ten que confirmar antes de 7 días o parte de accidente na aplicación de xogade.

## MÁIS INFORMACIÓN

Todos os aspectos non recollidos nesta norma e na normativa específica de Atletismo en Pista 2018/2019, que poden consultar na páxina web <http://xogade.xunta.gal/>, serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo e reflectida na páxina web <https://atletismo.gal/>

